

Achégate!

Os días 5, 6 y 7 de Xullo a cidade de Monforte acollerá por sexto ano consecutivo o “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte”. Unha proposta diferente cun amplo programa de actividades que xiran arredor do viño, verdadeiro protagonista do Festival.

Unha mostra colectiva na que 34 adegas da D.O. da Ribeira Sacra ofrecen ao visitante a posibilidade de degustar e gozar dunha gran variedade de viños que non deixarán indiferente a ninguén, nun entorno natural, tranquilo e cómodo xunto ao río Cabe.

Un viño, mil historias

O “Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte” é un evento dirixido a persoas de todas as idades, onde descubrir e sentir a Ribeira Sacra a través da súa paisaxe, gastronomía e tradición.

As VinoRutas permitíranos desprazarnos ata o lugar de orixe onde poderemos contemplar os viñedos e os ríos que bañan as ladeiras. Unha experiencia única para sentir a vertixe da nosa famosa “viticultura heroica”.

Cando caia a noite, o Paseo do Malecón acollerá 3 actuacións musicais os días 5 e 6 de xullo. Excelente escenario para amosar diferentes propostas artísticas.

Os días 5, 6 e 7 de xullo, os viños da D.O. Ribeira Sacra serán os auténticos protagonistas xa que son o verdadeiro vehículo capaz de unir historia, tradición e cultura.

Un Festival con sabor a tradición



PARTICIPANTES

ADEGAS

- | | |
|-------------------------|------------------------|
| • A Man de Prado | • Galanteiro |
| • Abadía da Cova | • Guímaro |
| • Adega Carqueixa | • Gullufre |
| • Adega Vella | • Lucenza |
| • Algueira | • Malcavada |
| • Alma das Donas | • Os Cipreses |
| • Alouviño | • Pazo de la Cuesta |
| • Asolagados | • Petrón |
| • Cardenal R. de Castro | • Peza do Rei |
| • Castrofiz | • Ponte da Boga |
| • Cividade | • Rectoral de Amandi |
| • Condado de Sequeiras | • Regina Viarúam |
| • Corzoás | • Santa Ma de Nogueira |
| • Cruceiro | • Tear |
| • Don Bernardino | • Tolo do Xisto |
| • Finca Cuarta | • Vía Romana |
| • Finca Míllara | • Viña Vella |

GASTRONOMÍA

- | | |
|----------------------------|-------------------------|
| • Queixo negro. Buleri | • Xeados Xeou |
| • Lácteos Ribeira Sacra | • Panadería Fernández |
| • Embutidos Valentina | • Panadería La Luna |
| • Tres Fuciños Porco Celta | • Restaurante Aquelarre |
| • Xamóns D. Francisco | • Restaurante El Hórreo |
| • Xamóns Roberto | • Restaurante Galicia |

OBRADOIROS INFANTÍS

- Anxo Moure. O Carballo con Botas
- Velaísca Animación
- Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus
- Tarabelos. Títeres

ORGANIZA



COLABORAN



5, 6 E 7
DE XULLO 2024

FESTIVAL DO VIÑO
DA RIBEIRA SACRA
de MONFORTE



Paseo do Malecón
Monforte de Lemos, Lugo

Cando chega a noite...

NO PASEO DO MALECÓN

ACTUACIÓNS MUSICAIS



VENRES 5 DE XULLO ÁS 20:30h. Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense

A Real Banda pretende difundir e prestixiar a gaita como instrumento senlleiro nacional de Galicia, levando o espírito deste pobo a tódolos currunchos do planeta; tal é o que se plantexa o seu fundador e director, Xosé Lois Foxo. O seu recoñecemento é tan universal coma a verba mesma, levando a súa música e a súa maxia aos máis dispares lugares do mundo.



VENRES 5 DE XULLO ÁS 23:00h. Gin Toni's

Banda divertida, apaixonada e elegante que cada noite logra unha conexión increíble co público dos seus concertos. Versións das mellores cancións do Pop Rock español dende os 80 ata a actualidade. Repertorio cheo de cancións coñecidas que te transportarán ás Décadas de Ouro da música española.

SÁBADO 6 DE XULLO ÁS 23:00h. Malenne

Grupo local moi exitoso cun directo espectacular. O seu repertorio inclúe as versións máis coñecidas do pop español e do indie rock.



Descobre os nosos viños...

TALLERES DE CATA Y MASTERCLASS

SÁBADO 6 DE XULLO

11:30 a 13:00h. Taller práctico e sensorial "Enólogo por un día na Ribeira Sacra" a cargo de Iván Olmedo, membro da Asociación Galega de Enólogos.

DOMINGO 7 DE XULLO

11:30 a 13:00h. Taller sensorial "Descubre... Chans Ribeira Sacra: Pizarra vs. Granito" a cargo de David Pascual, enólogo e presidente da Asociación Galega de Enólogos.

MASTERCLASS a cargo de Isabel Lozano e Roberto Gándara da Asociación de Sumilleres de Galicia.

SÁBADO 6 DE XULLO

13:30 a 15:00h. Masterclass "Viños do Vello Mundo que recordan a Ribeira Sacra".

DOMINGO 7 XULLO

13:30 a 15:00h. Masterclass "Terriña: chan, clima, variedades e elaboración na Ribeira Sacra".

Capacidade para 30 persoas en cada taller. Reserva anticipada no teléfono +34 621 40 34 88 ou en festivalmonforte@gmail.com

Para sentir a Ribeira Sacra

VINORUTAS

VinoRuta do Sil Quads pola "Ribeira do Sil".

55€/persoa

O SÁBADO 6 DE XULLO ÁS 09:30 h. Sairemos de Monforte de Lemos cara o concello de Sober para facer unha ruta de media xornada en Quads coa empresa Sacra Aventuras. No punto de chegada practicaremos cos quads para sentirnos seguros na nosa ruta. Cada quad ten 2 prazas e iremos acompañados por un monitor en todo momento. Visitaremos miradoiros sobre o Canón do Sil, achegámonos ó Lago de Rosende, baixaremos á Fervenza de Portizó e faremos visitas guiadas a dúas adegas dentro da D.O. do Viño Ribeira Sacra, a adega Malcavada en Rosende e adega A Man de Prado en Bolmente. Dende aquí voltaremos a Monforte de Lemos para desfrutar do Festival do Viño.

VinoRuta do Miño Coñecendo a "Ribeira do Miño" en Zodiac

40€/persoa

O DOMINGO 7 DE XULLO ÁS 9:45 horas sairemos de Monforte de Lemos cara ao concello do Saviñao para visitar a adega Abadía da Cova situada fronte ao famoso meandro do río Miño "Cabo do Mundo". A continuación iremos á praia da Cova para facer un percorrido en zodiac coa empresa Turismo de Pantón e ver os viñedos en terrazas desta Viticultura de Montaña. Faremos unha parada na Fervenza de Augacaída de 30 metros de altura. A continuación desembarcaremos na fermosa vila de Belesar para ir á adega Vía Romana e catar os seus viños. Dende aquí voltaremos a Monforte de Lemos para desfrutar do Festival do Viño.

Reserva previa no teléfono 34 621 40 34 88 ou en festivalmonforte@gmail.com

Todas as Vinorutas parten do Parque dos Condes en Monforte de Lemos.

Para os máis cativos...

Á BEIRA DO RÍO CABE

OBRADOIROS INFANTÍS

SÁBADO 6 DE XULLO

12:30 a 13:30h. Contacontos Anxo Moure.

19:30 a 20:30h. Títeres. Tarabelos.

DOMINGO 7 DE XULLO

12:30 a 14:00h. Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus.

19:30 a 20:30h. Showcooking. Velaísca Animación.

Programa

VENRES 5 DE XULLO

19:00h. Apertura de Stands.

20:30h. Real Banda de Gaitas de Gaitas da Deputación de Ourense.

20:45h. Acto de inauguración do "Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2024". Intervencións de:
Alcalde: José Tomé Roca, Alcalde de Monforte e Presidente da Deputación de Lugo.

Pregoeiro: Antonio Lombardía Crespo, Presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra.

23:00h. Actuación de Gin Toni's.

01:00h. Peche de stands.

SÁBADO 6 DE XULLO

11:00h. Apertura de Stands.

11:30h. Taller práctico e sensorial "Enólogo por un día na Ribeira Sacra".

12:30h. Taller infantil. Contacontos Anxo Moure.

13:30h. Masterclass "Viños do Vello Mundo que recordan a Ribeira Sacra".

15:00h. Peche de Stands.

19:00h. Apertura de Stands.

19:30h. Taller infantil. Títeres Tarabelos.

23:00h. Actuación de Malenne.

01:00h. Peche de Stands.

DOMINGO 7 DE XULLO

11:00h. Apertura de Stands.

11:30h. Taller sensorial "Descubre... Suelos Ribeira Sacra: Pizarra vs. Granito".

12:30h. Taller infantil. Olería Tradicional da Ribeira Sacra - Figulus.

13:30h. Masterclass "Terriña: suelo, clima, variedades e elaboración na Ribeira Sacra".

15:00h. Peche de Stands.

19:00h. Apertura de stands.

19:30h. Taller infantil showcooking. Velaísca Animación.

00:00h. Clausura do "Festival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2024".